

Acceso a DRUPAL

Para acceder á unha web creada con Drupal debemos de coñecer varios datos:

1. O primeiro sería coñecer o **endereço web** ou **URL** (*Uniform Resource Locator: localizador uniforme de recursos*), da páxina web do centro ao que queremos acceder.

Unha vez coñecido o endereço, xa podemos visitar e ver o que nesa páxina esté exposto.

2. Pero para poder participar activamente da páxina, creando contidos tamén nela, deberemos de coñecer os datos de [acceso](#) que son:

- **Nome de usuario**
- **[Contrasinal](#)**

O endereço web dun centro educativo podémolo obter de moitos xeitos: a través dun amigo, a través do buscador de centros da Consellería de Educación e O.U. (<http://www.edu.xunta.es>), ou incluso a través dun buscador web como Google.

Pero para contar cunha **conta de usuario** debemos entrar en contacto coa persoa ou persoas que sexan os **administradores** do sitio web.


No caso dos centros educativos de Galicia, o [administrador](#) do espazo web serán varios profesores do centro (é fundamental que sexan máis dun). Noutros espazos Drupal é posible que solicitemos a creación dunha conta de usuario a través dun formulario web, sin coñecer ao [administrador](#) do espazo.

Unha vez que o [administrador](#) do espazo nos facilite os datos da nosa conta de usuario (nome de usuario e [contrasinal](#)) xa podemos acceder á web como un usuario autenticado e daquela xa podemos crear contidos nese espazo web.

Tamén sería posible que calquera persoa (anónimo) puidese entrar a crear e publicar contidos nun espazo web, aínda que esta opción é pouco recomendable, sobre todo para un centro educativo e desde o proxecto Webs dinámicas desaconsellamos rotundamente esta práctica.

En calquera caso sería decisión do/s [administrador](#)/es do espazo e, no caso dos centros educativos, da decisión do director ou directora do centro, por ser o responsable de todo o publicado neste espazo oficial do seu centro.

Unha vez no noso poder os datos de **nome de usuario** e **contrasinal** abriremos nun navegador web, visitaremos a páxina web e nela buscaremos a opción de **Acceso**. Pode ser que esta opción apareza nalgún dos laterais (esquerdo ou dereito) do espazo cunhas casillas para introducir nelas os datos de [acceso](#).



Un formulario de inicio de sesión con o título "Iniciar sesión". Contén un campo de texto para o "Nome de usuario:" con un asterisco rojo a la derecha, un campo de texto para el "Contrasinal:" con un asterisco rojo a la derecha, un botón "Iniciar sesión" y un enlace "Solicitar un novo contrasinal" con un punto a la izquierda.

Noutras ocasións poderemos atopar un enlace situado nalgún lugar da páxina (cabeceira, por exemplo) que nos leve á outra páxina onde xa atoparemos as casillas para introducir os datos de [acceso](#) do noso usuario, como se aprecia na seguinte imaxe.



(**Imaxes superiores:** diferentes estilos de páxinas cun enlace de [acceso](#) que nos levará a páxinas que se observa a continuación)

Este enlace levaranos a unha páxina de entrada dos datos onde deberemos introducir o **Nome de usuario** e **contrasinal**.

The image shows a login form titled 'Conta de usuario'. At the top, there are two buttons: 'Inicio sesión' and 'Solicitar un novo contrasinal'. Below these are two input fields. The first is labeled 'Nome de usuario: *' and has a placeholder text 'Insira o seu Webs dinámicas nome de usuario'. The second is labeled 'Contrasinal: *' and has a placeholder text 'Escriba o contrasinal para o seu nome de usuario.'. At the bottom of the form is a button labeled 'Inicio sesión'.

Unha vez cubertos os campos xa podemos premer sobre o botón **Iniciar sesión** para acceder.